

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019-2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SAN CLEMENTE DE CESAR
CURSO: 4º,5º e 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL
DATA: 04-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Obxectivos e criterio de avaliación.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Obxectivos e criterio de avaliación.

Criterio de avaliación	Obxectivos
2º ciclo de educación infantil	
Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propias dos diferentes linguaxes artísticos e audiovisuais	Crear secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xenera a música.
	Potenciar unha audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas
	Gozar na interpretación de cantigas populares, xogos musicais e danzas individuais

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.
	Instrumentos: Producións musicais.
Cualificación final	En educación infantil non se establece unha cualificación final de curso, senón que se avalia e se gradúa en tres niveis. Terase en conta os resultados do primeiro e segundo trimestre. As tarefas realizadas durante o terceiro trimestre sempre se valorarán positivamente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Pese a peculiaridade da situación tentaremos manter os principios metodolóxicos indicados nas programacións, se ben en certos momentos non será posible aplicar certos principios, pola imposibilidade de levar a cabo certas tarefas que impliquen a presenza física e a interacción do alumnado. Semanalmente envíanse á inspección educativa copia das actividades realizadas.</p> <p>A modo de exemplo, poñemos as seguintes actividades tipo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cantar con karaokes de temas populares que poidan ver en youtube ou outras plataformas de vídeos - Bailar e moverse con distintas audicións musicais que poidan ver en youtube ou outras plataformas de vídeos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Ante unha situación como a actual, non todas as familias contan cos mesmos recursos para poder afrontar as propostas establecidas. Por esa razón, artellamos as seguintes medidas compensatorias, e que permiten adaptarse a cada situación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Todas as propostas enviadas contan tamén coa súa explicación por escrito. Nalgún caso están sendo entregadas polo servizo gratuito ofertado polo Concello, e do que foron informadas as familias facendo o centro e os docentes de mediadores para que lle fagan chegar as propostas impresas. Envíanse e recóllense semanalmente. • As tarefas envíanse o día anterior (ás 20.00 h. aproximadamente) ao correo gmail que se creou para dar respostas ás necesidades que estamos a vivir. • Non se establece un horario fixo para a realización das tarefas, senón que se propoñen de xeito que poidan levarse a cabo no momento en que cada familia o considere. • Ofrécense manuais de uso de ferramentas (por exemplo:Abalar móvil, Snappet,...), así como un asesoramento individualizado ante as dúbidas técnicas que teñan, tanto en relación ás ferramentas tecnolóxicas a empregar así como das propostas feitas. • Gran variedade de canles de comunicación coas familias

	tendo en conta a situación excepcional na que nos atopamos.
Materiais e recursos	<p>Todas as propostas de actividades implican, en principio, contar con recursos TIC para o acceso ás mesmas. Puxémonos en contacto coas familias para saber se podían acceder ás propostas polo menos a través do móbil, ordenador ou tablet. Observamos que a gran maioría está accedendo sen problema. En todo momento se evitou un trato desigual derivado do uso das tecnoloxías.</p> <p>Recursos TIC:</p> <p>Os instrumentos de vento madeira: https://www.youtube.com/watch?v=T5YchF4Pgro</p> <p>Os instrumentos da orquestra: https://www.youtube.com/watch?v=-7SAFWmh9OY</p> <p>Cantigas populares para nenos: https://www.youtube.com/watch?v=xq7QqJfQ4PI</p> <p>Cantigas populares para nenos: https://www.youtube.com/watch?v=qoRhZUem4Ko</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O procedemento empregado para informar ás familias foi:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Espazo Abalar- Abalar Móbil: <ul style="list-style-type: none"> ➤ A través do sistema de mensaxería mantemos a comunicación con todas as familias. ➤ Mensaxes individuais, con resposta activada, para manter con o contacto directo coas familias. ➤ Acceder ás cualificación trimestrais dos alumnos/as. • Correo electrónico. • Páxina web do centro. • Teléfono. • Videoconferencias. • Calquera outra vía de comunicación que facilite ás familias o contacto, habida conta da situación excepcional que estamos a vivir: Facebook, WhatsApp...
Publicidade	<p>Este documento será colgado na páxina web do centro para o coñecemento público de toda a comunidade para o cal falicitamos o enlace: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanclementecesar/</p>

